

# I CONCURSO FOTOGRÁFICO DA RECONQUISTA

## BASES DO CONCURSO

Este concurso fotográfico, está organizado pola Asociación Veciñal e Cultural “Casco Vello” de Vigo co patrocinio do Concello de Vigo e co fin de potenciar a participación cidadá na creación dun fondo documental que recolla diferentes visións desta celebración ao través dos participantes no concurso.

As fotografías deben estar tiradas nas xornadas que se celebra a Festa da Reconquista de Vigo, comprendidas entre os días 25 de marzo e 2 de abril do ano en curso, e non se admitirán fotografías tomadas en edicións anteriores, sendo causa de eliminación na participación.

**1.- Participantes:** A participación neste I CONCURSO FOTOGRÁFICO DA RECONQUISTA, é aberta a calquera persoa física, maior de idade e de calquera nacionalidade ou residencia, non tendo que abonar cota algunha de inscrición.

**2.- Tema:** A temática das fotos, será aquela que recolla esceas, actividades ou accións colectivas ou individuais, que se produzan dentro contexto da celebración da Festa, recollendo sempre como elemento principal nelas, persoas ou persoaxes vestidas ao xeito da época da historia conmemorada.

**3.- Formato:** Cada participante poderá presentar ata un máximo de 4 fotografías en cor e formato dixital, independentemente da forma nas que foron capturadas.

As imaxes deberán estar en formato JPEG, e o lado inferior será o maior de cada imaxe e terá 30cm de lonxitude equivalentes a 3.543 píxeles cunha resolución de 300ppp. O formato, será o coñecido como “á sangue”, e non poderán levar engadidos marxes, marcos, bordes ou elementos semellantes que reduzan o tamaño da imaxe.

Permítese a postproducción da fotografía cun retoque global que corrixa moderadamente aspectos da luz, cor, reencadre, etc, pero non se poderán engadir, eliminar ou modificar elementos que alteren a composición orixinal, sendo esta causa de exclusión na participación. En caso de dúbida ou como comprobación, a Organización poderá exixir a presentación do arquivo orixinal en formato RAW / JPEG

**4.- Presentación dos traballos, datos e prazo de entrega:** Os traballos serán enviados en formato dixital como arquivos xuntos, ao @correo: [areconquistadevigo@gmail.com](mailto:areconquistadevigo@gmail.com), e a data máxima de recepción das fotografías será ás 24hs do **día 9 de abril do 2023**, quedando excluídas da participación todas aquelas presentadas posteriormente. Como *asunto da mensaxe*, debe constar **I CONCURSO FOTOGRÁFICO**, e no *corpo da mensaxe* constarán os seguintes datos do autor:

**-NOME E APELIDOS**

**-NÚMERO DE TELÉFONO MÓBIL**

**-ENDEREZO ELECTRÓNICO**

**-PSEUDÓNIMO (será a identidade que se lle achegue ao xurado)**

**5.- Inscrición:** Este acto de recepción por @correo de fotografías e datos do participante, será considerado como a inscrición no concurso fotográfico. Aqueles @correos que non conteñan os datos exixidos tanto nas características do arquivo fotográfico como os datos de identificación persoal, serán excluídos da participación no mesmo

**6.- Garantías:** O concursante, conserva a propiedade intelectual das fotografías e cede á organización do concurso sen que isto signifique a perda deles para o autor, os dereitos de garda, reprodución e/ou exhibición das mesmas. A cesión non crea dereito algún de retribución para o autor por ningún concepto dada a finalidade do Concurso e o uso sen ánimo de lucro que a Organización poida facer das fotografías.

A participación no Concurso implica para o autor, a aceptación de que as fotografías enviadas formarán parte dos arquivos da Organización convocante, e poderán ser expostas e reproducirse en calquera soporte e en calquer medio de ámbito mundial, incluíndo exposicións, libros, catálogos e internet, coa finalidade de crear un fondo de imaxes por participación cidadá, así como a promoción e difusión da Festa da Reconquista de Vigo e este Concurso Fotográfico.

Sempre que se reproduza algunha das fotografías aportadas, farase constar o nome do autor. Este responde da autoría, orixinalidade da súa obra e o exercizo dos dereitos que ostenta sobre a mesma, manifestando que sobre

eles non ten contraidos nin contraerá compromisos ou gravámenes que de forma algunha atenten contra os dereitos da Organización convocante do concurso, respondendo en todo caso dos perxuízos que poideran derivarse dos dereitos de imaxe das persoas retratadas ou outros.

As fotografías presentadas, deberán ser inéditas e cumprir o sinalado pola organización nos puntos 3 e 4.

**7.- Premios:** Todas as fotografías presentadas, terán unha categoría única e cumprirán con todas as condicións expresadas pola Organización convocante. Os méritos para acceder aos premios, serán o resultado da valoración que o xurado faga das fotos, dando como resultado tres premios coas seguintes características.

- Primeiro premio: 250€
- Segundo premio: 150€
- Terceiro premio: 100€

A constitución do Xurado e o inicio da valoración das fotografías, será feita pública por nota de prensa e na páxina web da Organización. A comunicación aos premiados, será feita con antelación ao acto de entrega dos premios, que se realizará coa asistencia dos premiados no acto público de presentación e entrega do resultado da considerado polo xurado.

O fallo do xurado, será inapelable.

*De conformidade coa normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, aos premios concedidos váille ser aplicada a retención que legalmente corresponda.*

**8.- Xurado:** Pendente de constitución no momento da edición destas bases, estará composto por 5 persoas procedentes do ámbito fotográfico profesional e persoas designadas pola organización e entidades colaboradoras.

**9.- Aceptación de las bases:** A participación no Concurso, implica a aceptación de todas e cada unha das bases do mesmo relacionadas anteriormente. A Organización queda facultada para resolver calqueira continxencia non prevista nas bases.

Para calquera dúbida, poden dirixirse ao @endereço: [areconquistadevigo@gmail.com](mailto:areconquistadevigo@gmail.com)